# Catálogo GÁLIX de tradución 2024



XUNTA DE GALICIA

# Catálogo GÁLIX de tradución 2024

XUNTA DE GALICIA

Coordinación
Mercedes Pacheco Vázquez

Revisión editorial
Mercedes Pacheco Vázquez
Raquel Senra Fernández

Ilustración da cuberta
Raquel Senra Fernández

Produción
GÁLIX

# LIMIAR

A lectura transfórmanos, axúdanos a desenvolver a nosa capacidade de comunicación e de crítica. Un libro significa abrirnos ao mundo e aos outros, dotarnos de ás coas que a creatividade e a imaxinación poida traspasar as cancelas do real. Un labor social que se revela máis significativo se falamos das novas xeracións, que están formándose individual e socialmente. Razóns polas cales a literatura infantoxuvenil (LIX) se descobre como un piar fundamental no desenvolvemento integral dos nenos e nenas galegas.

Este repertorio editorial en que se recollen os títulos traducidos ao galego durante o ano 2024 amosa a gran vitalidade da que goza a LIX galega, a través da cal non só se promove o hábito lector senón que, asemade, prestixia a nosa lingua dende as primeiras lecturas. Grazas ás once editoras que apoiaron o traballo de tradución dos grandes profesionais que temos en Galicia e que configuran este catálogo, púidose aumentar a oferta de propostas literarias en galego. Isto amosa a potencialidade que ten a nosa lingua de acoller calquera xénero literario de calquera autor ou autora, xa sexa galego ou ben doutras latitudes.

Neste sentido, as políticas promovidas pola Xunta de Galicia en materia de promoción das nosas letras, a implementación dos distintos plans lectores e as actividades de dinamización lectora que se foron desenvolvendo nas bibliotecas e nos centros educativos galegos están contribuíndo a un aumento das lecturas por lecer, sendo Galicia unha das comunidades que máis le a nivel nacional, e cunha alta porcentaxe de persoas lectoras entre as xeracións máis novas. Porén, debemos continuar promovendo e alentando un hábito que nos enriquece a todos os niveis e onde a LIX supón unha ferramenta indispensable.

Dende a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude continuaremos apoiando iniciativas que sirvan para dinamizar a LIX, tanto aquelas que teñan o seu berce na nosa lingua como as traducións feitas dende outros idiomas. Cada novo título é unha nova oportunidade de que os nenos e nenas galegas poidan medrar co galego e en galego, descubrindo o seu contorno a través das páxinas dos contos, novelas ou bandas deseñadas que falan na mesma lingua ca eles. Un libro é, xa que logo, unha ferramenta pedagóxica e cultural que nos demostra que sempre queda algo por aprender, algo que descubrir e algo polo que soñar dende a singularidade propia que nos caracteriza como galegos e galegas.

José López Campos (Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, Xunta de Galicia)

Benvido, lector e lectora, a un mundo máxico onde os soños cobran vida e as aventuras agardan por ti mergullando na imaxinación. Prepárate para unha viaxe a través de grutas cheas de morcegos e misterios por resolver. Xunto con Elsa, Filipo, Leo, Dona Problemas, Pinoquio e Billy Budd, celebrarás a natureza de Rachel Carson e observarás o mundo a través das cores e sensacións que nos rodean. Só é preciso pechar os ollos para descubrir que podes experimentalas doutro xeito, con outros sentidos diferentes á vista: azul é o son do mar; violeta, o recendo das flores; vermello, a calor…


Atoparás personaxes valentes, tímidos, sobrenaturais, invisibles ou divertidos co desexo de descubrir o mundo que os rodea e de aprender a ser mellores persoas. Xunto a eles, vivirás cada emoción coma se fose túa, e temos a certeza de que, cando leas algún destes libros, serás un pouco máis intelixente, un pouco máis forte e, sen dúbida, un pouco máis feliz.

Neste catálogo reúnense títulos da produción infantil e xuvenil traducida ao galego en 2024. Desta vez son once as editoras presentes, espalladas ao longo da xeografía galega. Once editoras que apostan polo galego e apoian o traballo de tradución dos profesionais que hai en Galicia, editoras que contribúen á normalización da nosa lingua e á dignificación dunha profesión. Os títulos de LIX aquí presentes van dende o álbum ilustrado ata a banda deseñada, poesía, conto ou novela. O obxectivo desta recompilación é ofrecer unha selección de libros que entreteñan, pero tamén que axuden ao desenvolvemento emocional, cognitivo e social da rapazada, adaptándose ás súas necesidades e curiosidades a medida que medran para estimular a súa imaxinación e creatividade, e crear unha sólida escala de valores.

O noso agradecemento ás editoras que contribuíron á elaboración deste catálogo, polo seu apoio e implicación no mundo da tradución.

David Cortizo (presidente de GÁLIX)
Raquel Senra (vogal de tradución e universidades de GÁLIX)

## *Tres contos para nenas malas*




*Mes de publicación:* marzo
*Texto:* José Ovejero
*Ilustracións:* Miguel Robledo
*Tradución:* Mariña González Rodríguez
*Descrición:* 72 páx. 17 x 24 cm
*ISBN:* 978-84-127695-6-2


Este libro recolle tres contos que lle dan a volta por completo ao sentido da tradición. As nenas protagonistas demostran grande enxeño e valentía para esquivar os problemas que lles pon diante a vida. O texto de José Ovejero e as ilustracións de Miguel Robledo lévannos a un universo cheo de humor e crítica social sobre temas como o patriarcado, a monarquía ou o capitalismo. Unha delicia pequena para desfrutar moito.






## *O sentido do abraio. A celebración da natureza para persoas de todas as idades*

*Mes de publicación:* novembro
*Texto:* Rachel Carson
*Tradución:* Patricia Buxán Outeiro
*Descrición:* 56 páx. 21,5 x 15,2 cm
*ISBN:* 978-84-127425-6-5




Xuntando dúas das súas cinco liñas editoriais, ecoloxía e educación alternativa, Catro Ventos publica este precioso ensaio dunha das principais impulsoras da ecoloxía moderna, a escritora e bióloga mariña Rachel Carson (1907-1964). O texto anima a explorar a natureza para cultivar o sentido do abraio dende a infancia, para exploralo e conservalo durante toda a vida. Segundo ela, é unha batalla que só se gaña ou perde na infancia.

## *Boa noite, monstriños!*




*Mes de publicación:* outubro
*Texto:* Danielle McLean
*Ilustracións:* Gareth Williams
*Tradución:* Alejandro Tobar
*Descrición:* 14 páx. 18 x 19 cm
*ISBN:* 978-84-9046-538-7

A noite do Samaín varios monstros pequenos divírtense asustando a xente. Ata que o sono chama por eles e desfilan para a cama. Un libro con lapelas, texto rimado e letra maiúscula.






## *Elsa e as luces da noite*


*Mes de publicación:* outubro
*Texto:* Lucy Fleming
*Ilustracións:* Lucy Fleming
*Tradución:* Alejandro Tobar
*Descrición:* 40 páx. 27,5 x 24 cm
*ISBN:* 978-84-9046-748-0




Elsa, unha diminuta nena alada, soña con poder contemplar algún día o amencer, pero sabe que a luz do sol non pode rozar as súas ás delicadas, velaí que evite a luz do día. Cando anoitece, coa luz que recolle (o escintilar dunha estrela ou o resplandor dun farol), alumea os animais perdidos do bosque que necesitan compañía. Todos eles saberán agradecerlle a Elsa a súa inmensa bondade cun agasallo moi especial que fará real o seu soño.

## *O burato de Walpurgis*

*Mes de publicación:* marzo
*Texto:* Ronaldo Menéndez
*Tradución:* Isabel Soto
*Descrición:* 144 páx. 13 x 21,5 cm
*ISBN:* 978-84-9046-740-4




Nas ruínas dun sanatorio situado nun lugar perdido da serra de Madrid agóchase un segredo arrepiante que ninguén debería desvelar. Sebas, o seu curmán Álvaro e a panda dos Furtivos ignoran que asomarse a un inquietante burato marcará as súas vidas para sempre. Aínda que ese non será a única descuberta do verán; tamén, o medo á morte, o amor, a traizón, o sentido da amizade e todos os sentimentos que converxen no bordo da adolescencia.




## *O enfado. Filipo e Leo*

*Mes de publicación:* outubro
*Texto:* Ester García/Adolfo Serra
*Ilustracións:* Ester García/Adolfo Serra
*Tradución:* Isabel Soto
*Descrición:* 40 páx. 21,5 x 21,5 cm
*ISBN:* 978-84-9046-673-5




O raposo Filipo e o ourizo Leo, malia seren moi distintos, son amigos inseparables. Viven na Fraga de Ara con outros animais. Hoxe Filipo e Leo enfadáronse, así que cada un marcha polo seu lado. Porén, un suceso inesperado fará que os dous corran a buscarse.

## *O faro da muller ausente*

*Mes de publicación:* marzo
*Texto:* David Fernández Sifres
*Tradución:* Isabel Soto
*Descrición:* 208 páx. 13 x 21,5 cm
*ISBN:* 978-84-9046-741-1




Un disparo nos cantís, unha muller que non existe, un fareiro misterioso e o segredo dun nome. Agora Hugo ten sangue nas mans. Que viu realmente? Cando tenta comprendelo, vese fronte a un enigma que enraíza na Segunda Guerra Mundial. A súa visita a Normandía pode converterse nunha viaxe á loucura. Para atopar respostas terá que remover lembranzas dolorosas e abrir vellas feridas que amosarán o peor e o mellor da condición humana. Hugo xurou non contar nada, pero é o momento de facelo.




## *O pequeno Sherlock Tóupez na gruta dos morcegos*

*Mes de publicación:* marzo
*Texto:* Rocío Antón/Lola Núñez
*Ilustracións:* Lucía Serrano
*Tradución:* Isabel Soto
*Descrición:* 32 páx. 20 x 20 cm
*ISBN:* 978-84-9046-736-7




O pequeno Sherlock Tóupez e os seus amigos son quen de resolver calquera misterio. Nesta ocasión, namentres xogan á lebrescura, Rufino métese nunha gruta escura e perigosa. Ninguén sabe onde está, pasa o tempo e non aparece... Serán quen de atopar o seu amigo?

Interior impreso en letra maiúscula.

## *O tesouro de Tutangatón. O detective Gatlock*

*Mes de publicación:* marzo
*Texto:* Sébastien Perez
*Ilustracións:* Benjamin Lacombe
*Tradución:* Isabel Soto
*Descrición:* 64 páx. 19 x 25 cm
*ISBN:* 978-84-9046-669-8




Alexandría, Exipto, 45 a. C. Por orde da raíña Cleogata, Gatlock e os seus amigos parten na busca dun fabuloso tesouro agochado no revirado labirinto dunha pirámide, onde axexan perigosas criaturas.







## *Unha estraña visita. Filipo e Leo*

*Mes de publicación:* outubro
*Texto:* Ester García/Adolfo Serra
*Ilustracións:* Ester García/Adolfo Serra
*Tradución:* Isabel Soto
*Descrición:* 40 páx. 21,5 x 21,5 cm
*ISBN:* 978-84-9046-674-2



Unha estraña criatura anda pola Fraga de Ara, e todos os seus habitantes están inquietos. Será un marciano? Virá en son de paz? Estarán en perigo? O raposo Filipo e o ourizo Leo, na compaña do resto dos animais da fraga, terán que descubrir a verdade, sexa a que sexa.

## *Dona Problemas, salvadora da escola*




*Mes de publicación:* abril
*Texto:* O Hematocrítico
*Ilustracións:* Paco Roca
*Tradución:* Anaír Rodríguez
*Descrición:* 128 páx. 20 x 13 cm
*ISBN:* 978-84-1110-511-8

Durante unha das súas misións, Carlota, Dona Problemas, ten un accidente cun mestre, e este ten que coller uns días de baixa. A substituta será, nada máis e nada menos, que A Túa Profe Riquiña, unha *influencer* especializada en educación que, ademais, expón toda a súa vida nas redes. O que podía parecer algo superdivertido convértese nunha tortura para os estudantes, e Dona Problemas terá que usar todo o seu enxeño para salvar a escola.






## *Heartstopper 1. Rapaz coñece rapaz*

*Mes de publicación:* setembro
*Texto:* Alice Oseman
*Ilustracións:* Alice Oseman
*Tradución:* Nee Barros/Éric Dopazo
*Descrición:* 288 páx. 23 x 15,5 cm
*ISBN:* 978-84-1110-580-4




O Charlie e o Nick están no mesmo instituto, mais nunca se coñeceron... ata o día en que teñen que sentar xuntos. Axiña se fan amigos, e o Charlie comeza a namorar do Nick, aínda que pensa que non ten ningunha oportunidade. Mais o amor funciona de xeitos sorprendentes, e o Nick está máis interesado no Charlie do que calquera deles pensa.


## *Heartstopper 2*

*Mes de publicación:* novembro
*Texto:* Alice Oseman
*Ilustracións:* Alice Oseman
*Tradución:* Nee Barros/Éric Dopazo
*Descrición:* 320 páx. 23 x 15,5 cm
*ISBN:* 978-84-1110-581-1




O Nick e o Charlie son mellores amigos. O Nick sabe que o Charlie é gay, e o Charlie está seguro de que o Nick non o é. Mais o amor funciona de xeitos sorprendentes, e o Nick está a descubrir todo tipo de cousas sobre as súas amizades, a súa familia... e sobre si mesmo.






## *Ideáfix e os irredutibles 1*

*Mes de publicación:* febreiro
*Texto:* René Goscinny/Matthieu Choquet/Yves Coulon/Jérôme Erbin
*Ilustracións:* Jean Bastide
*Tradución:* Xavier Senín/Isabel Soto/Alejandro Tobar
*Descrición:* 72 páx. 20,5 x 16,5 cm
*ISBN:* 978-84-1110-454-8




Esta nova colección baseada na primeira serie de animación para televisión derivada do universo Astérix promete satisfacer a todos os fans. Nela descubriremos a historia de Ideafix e a súa banda de irredutibles antes de que o carismático cadeliño coñeza os famosos heroes galos. Ideafix e os seus amigos (cans, gatos e mesmo aves) loitan sen cuartel contra o invasor romano, que trata de romanizar a Lutecia antiga, e establécese así un paralelismo co que ocorre nos famosos álbums creados por Goscinny e Uderzo.

## *O tren fantasma*

*Mes de publicación:* marzo
*Texto:* María Oruña
*Ilustracións:* Ana Zurita
*Tradución:* Anaír Rodríguez
*Descrición:* 80 páx. 20 x 13 cm
*ISBN:* 978-84-1110-484-5





A Alan non lle gusta ir para a cama. Para axudalo a durmir, o seu pai decide lerlle un conto moi especial: *O tren fantasma*. Cando Alan queda durmido con el entre as mans... esperta dentro do tren da historia! E os fantasmas serán o último dos seus problemas: montañas máxicas, tormentas terribles, amazonas con espadas... Vaia aventura agarda por el!






## *A cor dos sentidos*


*Mes de publicación:* febreiro
*Texto:* Gustavo Roldán
*Ilustracións:* Gustavo Roldán
*Tradución:* Xosé Duncan
*Descrición:* 32 páx. 16,3 x 21,9 cm
*ISBN:* 978-84-10049-12-3




Poden as cores ser as protagonistas dun libro en branco e negro? *A cor dos sentidos* é un álbum ilustrado de textos moi líricos que nos convida a observar o mundo a través das sensacións, unha reflexión moi imaxinativa e alegre sobre as cores que nos rodean. Só é preciso fechar os ollos para descubrir que podemos experimentalas doutro xeito, con outros sentidos diferentes á vista: azul é o son do mar; violeta, o recendo das flores; vermello, a calor dunha fogueira…

## *A idade da ira*

*Mes de publicación:* maio
*Texto:* Nando López
*Tradución:* Xosé Duncan
*Descrición:* 356 páx. 14 x 21cm
*ISBN:* 978-84-10049-14-7




Marcos non é o alumno que saca as mellores notas, pero é o máis popular do instituto, o líder entre os seus compañeiros e o obxecto de desexo das súas compañeiras. Un domingo, sen motivo aparente, asasina o seu pai e fere de gravidade un dos seus irmáns. Que o levou a cometer un acto tan violento? Que se agocha tras ese estoupido de ira? Un pai demasiado severo? Docentes sen motivación? Fracaso escolar? Unha sociedade demasiado esixente? A electrizante investigación deste caso leva a un periodista a descubrirnos un mundo adolescente descarnado e sen tópicos.




## *Billy Budd*

*Mes de publicación:* outubro
Texto: Herman Melville
Ilustración: Javier Vidal Aguilera
Tradución: Xosé Duncan
Descrición: 146 páx. 14 x 24 cm
ISBN: 978-84-10049-21-5



Tecumseh, sobresaía en exceso e tiña unha feitura estraña que lembraba os gravados do reverendo e doutor Titus Oates, informador histórico en tempos de Carlos II e do fraude da presunta conspiración papista. Claggart tiña un ollar inquisitivo, cousa que lle serviu de moito no seu oficio. A súa fronte era da clase que a frenoloxía vencella a un intelecto por riba da media, e sobre ela caían uns rizos escuros que contrastaban cos palidez da pel. Palidez tinxida dunha sombra de cor ámbar que lembraba ás veas dos mármores de antano. Ese cute, en severo contraste cos rostros vermellos ou moi bronceados dos mariñeiros, era consecuencia de realizar o seu traballo a cuberto da luz do sol e, aínda que non resultase desagradable, dáballe o aspecto de padecer algún tipo de doenza ou enfermidade. Porén, a súa aparencia xeral e o seu xeito de comportarse suxerían unha educación e unha formación que nada tiñan que ver cos súa función naval e, de feito, cando non estaba de servizo, daba a impresión dun home de altas cualidades, sociais e morais, que por motivos persoais permanecía de incógnito. Nada se sabía da súa vida anterior. Quizais fose inglés, pero, aínda así, había algo no seu acento que facía pensar que non o era de nacemento, senón de adopción durante a súa infancia. Entre algunhas rexoubas que circulaban polas cubertas de batería e polo castelo de proa corría o rumor de que o mestre de armas era un caballeiro francés que se presentara voluntario á Mariña Real para compensar algún delito financeiro polo que fora denunciado ante o Tribunal do Rei. O feito de que ninguén puidese demostrar esta información non significaba que non fose certa. Nos tempos deste relato, un rumor desta índole sobre calquera que tivese un tipo de cargo inferior ao de oficial, unha vez iniciado nas cubertas de canóns, non carecería de credibilidade para os curtidos e vellos mariñeiros. E, de feito, un home das características


48

Derradeira novela de Herman Melville publicada trinta anos despois da súa morte. A acción ten lugar a finais do século XVIII, cando o lume da Revolución Francesa se espallou polos mares e enfrontou as grandes armadas da historia: Francia e Gran Bretaña. No medio desta guerra, un gavieiro é recrutado á forza por un buque británico. A súa inocencia, beleza e bondade non son ben recibidas entre os demais mariños.

O autor, coa experiencia das súas viaxes por mar e o seu profundo coñecemento da natureza humana, saca á luz o mellor e o peor de nós mesmos.


## *Diarios Zombi 2. Ao feito, uuubre!*

*Mes de publicación:* abril
*Texto:* Guy Edmonds/Matt Zeremes
*Ilustración:* Jake A Minton
*Tradución:* Xosé Duncan
*Descrición:* 256 páx. 13 x 21cm
*ISBN:* 978-84-10049-00-0




Ola! Son Jimmy e estou vivindo unha APOCALIPSE ZOMBI totalmente estraña! Todo o mundo anda bruando e babando por todas as partes! E resulta que atopar unha cura para devolver as VACAS ZOMBIS á normalidade non é tan doado como parecía. Aínda así, os meus amigos e mais eu non perdemos a esperanza! Estamos seguros de que o meu can, Oso, e a súa baba superespecial son a clave para arranxar esta lea… Crucemos os dedos!






## *Diarios Zombi 3. Deja muuu!*


*Mes de publicación:* outubro
*Texto:* Guy Edmonds/Matt Zeremes
*Ilustración:* Jake A Minton
*Tradución:* Xosé Duncan
*Descrición:* 256 páx. 13 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-10049-15-4




Ola! Son Jimmy e estou vivindo unha APOCALIPSE ZOMBI totalmente estraña! As VACAS-Z fixéronse co control de Vilacú. Así que os meus mellores amigos, Daisy e Hooey, e mais eu sucamos os mares nun barco chamado Vilamarabilla! É tan grande coma unha cidade e ten de TODO! O barco vainos levar até certo billonario que nos pode axudar a converter a miña muuu-nai de volta nunha nai humana. Sempre e cando un científico malvado e o seu ÉPICO ROBOT se manteñan moi moi lonxe.


## *Sherlock Holmes. O sabuxo dos Baskerville*

*Mes de publicación:* outubro
*Texto:* Sir Arthur Conan Doyle/Stephanie Baudet
*Ilustracións:* Arianna Belucci
*Tradución:* Xosé Duncan
*Descrición:* 128 páx. 13 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-10049-17-8




"Eu, sir Charles Baskerville, revelarei a verdade tras a LENDA do sabuxo dos Baskerville… Ningún Baskerville debería saír nunca ao páramo pola NOITE".

Cun sabuxo fantasmal solto e un home misterioso vivindo no páramo, Devon é un lugar perigoso, pero Holmes e Watson non deben ter medo. A nosa parella favorita de detectives son os encargados de resolver o asasinato de sir Charles Baskerville antes de que o seu sobriño corra a mesma sorte.


marcharía desa cabana sen descubrilo. Sentei ao carón das mantas e da comida, agardando polo regreso do seu ocupante.

Pasaron varios minutos antes de que o escoitase.

Cada vez máis preto, chegoume o son das súas botas.


Encrequeneime no curruncho máis escuro, disposto a defenderme.

Detívose por un intre. Entón, as pisadas achegáronse de novo e unha sombra debuxouse no limiar da cabana.




## *Sherlock Holmes. Os señores de Reigate*

*Mes de publicación:* xaneiro
*Texto:* Sir Arthur Conan Doyle/Stephanie Baudet
*Ilustracións:* Arianna Belucci
*Tradución:* Maruxa Zaera
*Descrición:* 112 páx. 13 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-10049-10-9




escaleira, viu dous homes enleados nunha liorta. Un deles disparou, o outro caeu ao chan, e o asasino escapou correndo polo xardín e saltando a sebe.

Forrester fixo unha pausa e colleu aire para continuar co relato. Mirei a Holmes preocupado, buscando nel algunha mostra de tensión nerviosa. Pero non lle vin ningunha. Brillábanlle os ollos, cheos de expectación, mentres petelaba

"William Kirwan, cocheiro da familia Cunningham, foi ASASINADO onte á noite defendendo a propiedade do seu amo. Este é o segundo ROUBO que ocorre nesta zona en menos dunha semana".

Coa intención de que Holmes se recupere dunha investigación estresante, Watson organiza unha visita a un amigo no campo. Pero, despois dun roubo que desconcerta a policía local, Holmes vese envolto nunha rede de mentiras, chantaxe e asasinato. Só el pode dar cos viláns, se é que sobrevive a este caso.

## *A lista das cousas imposibles*




*Mes de publicación:* xaneiro
*Texto:* Laura Gonzalvo
*Tradución:* María Alonso Seisdedos
*Descrición:* 346 páx. 13,5 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-1176-182-6

Di Clara que Guim a deixou, pouco antes do seu aniversario dos dezaoito anos, porque tiña ganas de facer cousas, de vivir a vida. Que non podía saber que seis meses despois un accidente de moto o deixaría en cadeira de rodas e que sería ela quen viviría a vida que el imaxinara. Esta é a historia de Clara e de Guim. Unha historia de soños e realidades, de anhelos e cicatrices, de amor e vida. Unha novela aditiva, sinxela, pero profunda ao mesmo tempo.

Premio Carlemany 2021.




## *As aventuras de Pinoquio*

*Mes de publicación:* outubro
*Texto:* Gianni Rodari
*Ilustracións:* Maruxa Caeiro
*Tradución*: Leandro García Bugarín
*Descrición:* 80 páx. 13,5 x 24,5 cm
*ISBN:* 978-84-1176-340-0



"Velaquí comezan as aventuras de Pinoquio, as súas travesuras, monicreque famosísimo polo seu nariz longuísimo". Así inicia Gianni Rodari a súa especial homenaxe a un dos personaxes máis senlleiros da literatura universal, onde atoparemos os personaxes que Collodi imaxinou, o boneco de madeira, o seu creador Geppetto, o Tragalumes, a fada Turquesa, o mastín Alidoro, o Grilo..., a través da xenial e divertida pluma do "gramático da fantasía".

## *O outeiro do amieiro*

*Mes de publicación:* marzo
*Texto:* Anjel Lertxundi
*Tradución:* María Ramos Salgado
*Descrición:* 178 páx. 13,5 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-1176-197-0




O protagonista desta novela quere coñecer o mundo, viaxar, gozar das paisaxes e cidades máis fermosas. Pero non é unha persoa, nin sequera un rato ou un golfiño. Trátase dun amieiro, unha simple árbore. E unha árbore ten moi complicado ir polo mundo adiante. A árbore desta novela sempre quixo deixar o lugar onde naceu. Sempre quixo moverse, camiñar dun lado ao outro, coñecer sitios novos. E, daquela, a natureza ofreceulle unha apaixonante aventura.




## *Aprende a ler na Escola de Monstros 1. Unha mascota lambona*

*Mes de publicación:* novembro
*Texto:* Sally Rippin
Ilustracións: Chris Kennett
*Tradución:* Raquel Senra Fernández
*Descrición:* 40 páx. 14 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-19754-58-5




A serie PERFECTA para primeiros lectores! Comeza lendo a palabra que aparece ao final de cada liña e continúa para ler a historia completa! Non deberías traer a túa mascota á escola. Coidado! A de María é superlambona!


## *Aprende a ler na Escola de Monstros 2. Un guedellán ao que lle gusta a marmelada e o pan*




*Mes de publicación:* novembro
*Texto:* Sally Rippin
*Ilustracións:* Chris Kennett
*Tradución:* Raquel Senra Fernández
*Descrición:* 40 páx. 14 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-19754-59-2

A serie PERFECTA para primeiros lectores! Comeza lendo a palabra que aparece ao final de cada liña e continúa para ler a historia completa! Este guedellán provoca unha maraña cada vez que come marmelada. Como o solucionará?






## *Aprende a ler na Escola de Monstros 3. Dúas irmás moi especiais*

*Mes de publicación:* novembro
*Texto:* Sally Rippin
*Ilustracións:* Chris Kennett
*Tradución:* Raquel Senra Fernández
*Descrición:* 40 páx. 14 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-19754-60-8





A serie PERFECTA para primeiros lectores! Comeza lendo a palabra que aparece ao final de cada liña e continúa para ler a historia completa! A algúns monstros gústalles xogar… E a outros gústalles asustar!

## *Bufiño & Brunilda. Un chisco de maxia*




*Mes de publicación:* abril
*Texto:* Barbara Cantini
*Ilustracións:* Barbara Cantini
*Tradución:* Rosa Marta Gómez Pato/Manuel González González
*Descrición:* 64 páx. 14 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-19754-37-0

Bufiño é un gato da rúa case todo negro que busca alguén con quen estar. Brunilda é unha nena cunhas mestas guedellas roxas que vive nunha casa extravagante con mil cuartos. Durante o día axuda nunha floraría e de noite transfórmase nunha aspirante a bruxa. Para facer o seu primeiro voo e converterse nunha bruxa como é debido só lle falta unha cousa: un gato negro! Achégase o gran día, e do gato non hai nin rastro... Cando velaquí que pola porta da tenda asoma o pequeno vagabundo Bufiño, aínda que ten a punta do rabo branca.






## *As travesuras de Nariciño*


*Mes de publicación:* setembro
*Texto:* Monteiro Lobato
*Tradución:* Anxo Tarrío Varela
*Descrición:* 192 páx. 14 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-19754-57-8



Grazas ao éxito das aventuras de Nariciño, Pedriño, a boneca Emilia, o Vizconde e demais personaxes, o Sitio do Picapau Amarelo volveuse tan, pero tan famoso, que un día sucedeu algo impensable: personaxes de ficción, como Brancaneves, Polgariño, Peter Pan, Don Quixote e tantos outros, mesmo figuras da mitoloxía grega, decidiron mudarse á ata entón tranquila propiedade de dona Benta.

# *Invisible*

*Mes de publicación:* novembro
*Texto:* Eloy Moreno
*Tradución:* Rosario Baleirón Sóñora
*Descrición:* 320 páx. 14 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-19754-66-0




«O problema foi que nunca cheguei a controlar ben ese poder. Ás veces, cando máis ganas tiña eu de ser invisible era cando máis xente me vía. En troques, cando quería que todos me visen era cando ao meu corpo lle daba por desaparecer».

Emotiva, conmovedora, diferente... *Invisible* narra, a través dos ollos dun rapaz, unha historia que podería ser a de calquera de nós.

QUEN NON DESEXOU SER INVISIBLE ALGUNHA VEZ?

QUEN NON DESEXOU DEIXAR DE SELO ALGUNHA VEZ?



A man das cen pulseiras

No momento en que alguén exinvisible tenta volver adormecer, a uns cinco quilómetros de distancia, nun pequeno cuarto dun edificio de seis plantas, unha man chea de pulseiras espertou. E no intre acordou tamén o corpo ao que está unida.

Hai cinco días que non pode durmir ben, xusto desde que ocorreu o accidente. Tamén está tomando pastillas e tampouco lle fan efecto.

Esperta nerviosa polas noites, ponse a pasear polo cuarto a calquera hora da madrugada e non deixa de mirar pola fiestra cara a un ceo tan negro como está agora a súa conciencia.

Hai xa cinco días que ve a vida borrosa, como se se colocase unhas lentes de bágoas que non é quen de quitar de enriba. Hai xa cinco días que escribe cartas de amor que empezan con rabia e terminan con odio. Cartas de amor que quizais nunca chegarán ao seu destino, que quedarán entre a papeleira e o esquecemento.

Mira o móbil, mudo desde hai moito tempo. Abre as fotografías e tense que remontar varios meses atrás para encontrar algunha das que lle interesan.

23





## *O libro secreto de Mortiña*

*Mes de publicación:* setembro
*Texto:* Barbara Cantini
*Ilustracións:* Barbara Cantini
*Tradución:* Rosa Marta Gómez Pato/Manuel González González
*Descrición:* 120 páx. 18 x 24 cm
*ISBN:* 978-84-19754-43-1




Hai amizades que che son ben especiais, sobre todo se a túa amiga é unha... zombi, coma Mortiña! Nestas páxinas poderedes compartir as vosas paixóns, soños, medos e todos os segredos máis secretos. Escribir, xogar e debuxar canda Mortiña será divertido a máis non poder. «NON CONTAREI NADA DOS NOSOS SEGREDOS, PALABRA DE MORTIÑA!».

# *Son calado*




*Mes de publicación:* setembro
*Texto:* Andie Powers
*Ilustracións:* Betsy Petersen
*Tradución:* Mª Fe González Fernández
*Descrición:* 40 páx. 22 x 22 cm
*ISBN:* 978-84-19754-45-5

Emilio non é tímido. É calado. Emilio pode semellar apoucado e tímido por fóra, pero no seu interior a imaxinación reborda. Mentres que as persoas maiores, e mesmo as outras nenas e nenos, ven a Emilio como alguén tímido que non ergue a man na clase, nós sabemos que Emilio é, en realidade, un aventureiro en alta mar, un explorador intrépido e un amigo dos animais salvaxes. Este relato defende e celebra a beleza de saber quen somos verdadeiramente.






## *A hora da sesta*


*Mes de publicación:* maio
*Texto:* Frédéric Stehr
*Ilustracións:* Frédéric Stehr
*Tradución:* Xosé Ballesteros
*Descrición:* 24 páx. 20 x 20 cm
*ISBN:* 978-84-1343-269-4





É a hora da sesta na escola infantil e Leo non ten sono. Para entreterse, fai unha cabana e esperta o seu amigo Oli para amosarlla. Pouco a pouco, os demais compañeiros irán sumándose para construír unha na que caiban todos.


# *A que sabe a lúa?*

*Mes de publicación:* outubro
*Texto:* Michael Grejniec
*Ilustracións:* Michael Grejniec
*Tradución:* Carmen Barreiro
*Descrición:* 28 páx. 28 x 42 cm
*ISBN:* 978-84-1343-314-1





Unha edición grande e acartonada deste clásico contemporáneo, ideal para contar e compartir.






## *As aventuras de Emil*

*Mes de publicación:* decembro
*Texto:* Astrid Lindgren
*Ilustracións:* Björn Berg
*Tradución:* David A. Álvarez
*Descrición:* 108 páx. 16 x 23,5 cm
*ISBN:* 978-84-1343-342-4



Mercaron cinco bolos para Emil, uns boliños moi bos, redondos, dourados e con azucre por enriba. Emil comeunos nun chiscar de ollos.


–Foi a mellor medicina que tomei na miña vida –dixo.

O pai ficou tan contento e feliz que xa non sabía o que facía.

32

Emil ten cinco anos, é un neno forte, valente e algo testán que se dedica a facer todo tipo de falcatruadas. Un clásico de Astrid Lindgren protagonizado por un dos seus personaxes máis queridos.

## *Animais*




*Mes de publicación:* outubro
*Texto:* Antonio Rubio
*Ilustracións:* Óscar Villán
*Tradución:* Manuela Rodríguez
*Descrición:* 16 páx. 24 x 24 cm
*ISBN:* 978-84-1343-316-5

Criaturas grandes e pequenas convídannos a gozar do xogo, da rima e do ritmo neste pictograma poético, agora nun formato grande, perfecto para lecturas compartidas.






## *Bim Bam Bum*

*Mes de publicación:* novembro
*Texto:* Maria Girón
*Ilustracións:* Maria Girón
*Tradución:* Manuela Rodríguez
*Descrición:* 40 páx. 20 x 28 cm
*ISBN:* 978-84-1343-332-5



Unha obra fresca e diver□da que mostra a cara máis lúdica da infancia. Un día de praia cheo de ritmo, xogos e humor.


## *Canta xente se necesita...?*

*Mes de publicación:* outubro
*Texto:* Anna Font
*Ilustracións:* Anna Font
*Tradución:* Manuela Rodríguez
*Descrición:* 36 páx. 21 x 29,7 cm
*ISBN:* 978-84-1343-292-2





Un orixinal libro-xogo, cheo de humor e de cor, que invita á reflexión sobre os afectos, a convivencia e a cooperación.






## *Cinco ratiños*


*Mes de publicación:* maio
*Texto:* Maria Girón
*Ilustracións:* Maria Girón
*Tradución: Manuela Rodríguez*
*Descrición:* 36 páx. 22 x 22 cm
*ISBN:* 978-84-1343-293-9




Guiados por Félix, cinco ratiños saen do seu tobo na procura de comida. Un a un irán atopando saborosos manxares, pero o perigo axexa… Un álbum ideal para contar cara adiante e cara atrás, que remite aos grandes temas e estruturas da tradición oral.

## *Cousiña Linda*

*Mes de publicación:* setembro
*Texto:* Anthony Browne
*Ilustracións:* Anthony Browne
*Tradución:* Óscar Senra/Sandra Senra
*Descrición:* 32 páx. 26 x 30 cm
*ISBN:* 978-84-1343-308-0





Unha das obras imprescindibles de Anthony Browne, un álbum tenro e con doses de humor sobre o valor da amizade e a solidariedade.






## *Gran festa de aniversario para tigre*

*Mes de publicación:* abril
*Texto:* Janosch
*Ilustracións:* Janosch
*Tradución:* Iago Nicolás
*Descrición:* 48 páx. 15 x 21,5 cm
*ISBN:* 978-84-1343-287-8



Cociñou unha sopa de cebola, verduras e patacas:
porque os convidados teñen que comer,
porque os convidados sempre teñen fame.


Tigre pequeno fai anos e quere celebralo ao grande cos seus amigos e veciños. Unha guía perfecta para preparar unha festa inesquecible, onde pode acontecer o máis inesperado.


# *Inventario ilustrado de rochas e minerais*

*Mes depublicación:* outubro
*Texto:* Virginie Aladjidi e Caroline Pellissier
*Ilustracións:* Emmanuelle Tchoukriel
*Tradución:* Fernando Moreiras
*Descrición:* 48 páx. 21,5 x 30 cm
*ISBN:* 978-84-19213-06-8




Un novo inventario para iniciarse no sorprendente mundo da xeoloxía.






## *Osa*


*Mes de publicación:* abril
*Texto:* José Ramón Alonso
*Ilustracións:* Lucía Cobo
*Tradución:* Manuela Rodríguez
*Descrición:* 32 páx. 22 x 28 cm
*ISBN:* 978-84-1343-289-2




O ciclo da vida e o da natureza fúndense nun tenro relato poético. Osa está soa e coa chegada do inverno busca un lugar para durmir. Unha mañá, a luz inunda o seu agocho, a súa tripa axítase e non é de fame…

## *Panthera Tigris*

*Mes de publicación:* setembro
*Texto:* Sylvain Alzial
*Ilustracións:* Hélène Rajcak
*Tradución:* Tamara Andrés
*Descrición:* 32 páx. 21,3 x 27,5 cm
*ISBN:* 978-84-19213-53-2




Unha historia que bebe das antigas ensinanzas hindús para reflexionar e sabelo todo sobre os tigres de Bengala.






## *Polo mar salgado*

*Mes de publicación:* novembro
*Texto:* Nieves García
*Ilustracións:* Marina Gibert
*Tradución:* Manuela Rodríguez
*Descrición:* 20 páx.19 x 19 cm
*ISBN:* 978-84-1343-340-0




Unha viaxe extraordinaria pola superficie e o fondo dos mares para coñecer, entre versos rítmicos e sonoros, algúns dos seus habitantes.


# *Puberdade en marcha*

*Mes de publicación:* marzo
*Texto:* Gloria A. Calvo/Camila Lynn/Agostina Mileo
*Ilustracións:* Martina Trach
*Tradución:* Iago Nicolás
*Descrición:* 64 páx. 15 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-1343-304-2




Unha guía esencial para mozas e mozos que comezan a etapa da puberdade escrita con claridade e rigor, que inclúe consellos, refuta mitos e anima a facerse preguntas.






## *Queres xogar comigo?*

*Mes de publicación:* setembro
*Texto:* Eric Carle
*Ilustración:* Eric Carle
*Tradución:* Xosé Ballesteros
*Descrición:* 32 páx. 18 x 12,5 cm
*ISBN:* 978-84-1343-310-3



Unha divertida historia de Eric Carle con formato acartonado e chea de sorpresas, que nos propón o desafío de identificar os animais polas súas colas.

## *Soño de neve*

*Mes de publicación:* outubro
*Texto:* Eric Carle
*Ilustracións:* Eric Carle
*Tradución:* Iago Nicolás
*Descrición:* 24 páx. 18 x 18 cm
*ISBN:* 978-84-1343-311-0




Unha historia de Nadal de Eric Carle en formato acartonado e con texturas, que nos propón descubrir quen se agocha detrás das lapelas.



Cando o granxeiro espertou do seu soño,
mirou pola xanela. Estaba todo branco.
Non era un soño. De certo, era neve.
Nevara mentres el durmía.





## *Tarde de sapo*

*Mes de publicación:* marzo
*Texto:* Maite Mutuberria
*Ilustracións:* Maite Mutuberria
*Tradución:* Manuela Rodríguez
*Descrición:* 44 páx. 22 x 22 cm
*ISBN:* 978-84-1343-285-4




Unha divertida proposta repleta de xogos fónicos e con ritmo narrativo crecente que conduce o lector ata un inesperado final.


## *Un e sete*




*Mes de publicación:* xuño
*Texto:* Gianni Rodari
*Ilustracións:* Beatrice Alemanga
*Tradución:* Carlos Acevedo
*Descrición:* 32 páx. 20 x 30 cm
*ISBN:* 978-84-1343-299-1


Un relato necesario e esperanzador sobre a infancia, a tolerancia e a diversidade como antídotos contra a violencia e a guerra.






## *Un peixe é un peixe*

*Mes de publicación:* maio
*Texto:* Leo Lionni
*Ilustracións:* Leo Lionni
*Tradución:* Xosé Manuel González
*Descrición:* 40 páx. 22 x 27,5 cm
*ISBN:* 978-84-1343-283-0



Unha mañá, o cágado descubriu que durante a noite
lle medraran dúas patas pequeniñas.

–Mira –dixo orgulloso–, xa son unha ra!
–Que parvada! –dixo o peixiño–. Como vas ser unha ra
se onte eras un peixe coma min!

Unha fábula sobre a amizade que anima á reflexión sobre a identidade, o coñecemento e a aceptación dun mesmo.

## *CONO CAN*

*Mes de publicación:* novembro
*Texto:* Sarah Howden
*Ilustracións:* Carmen Mok
*Tradución:* Laura Sáez
*Descrición:* 32 páx. 24 x 24 cm
*ISBN:* 978-84-127810-3-8




Un día Emma sae do veterinario cunha pantalla de plástico xigante na cabeza que lle impide xirar e cavar. Unha cousa está clara: o cono non é bo e o único que queda por facer é enfadarse. Cando o humano que vive con Emma tenta animala cun xogo de buscar a pelota, Emma descobre que o cono atrapa milagrosamente todas as pelotas e decátase de que ten outras vantaxes sorprendentes. Esta divertida continuación de GATO CONO é unha deliciosa oda ao enxeño para sacar o mellor dunha situación moi *canplicada*.




## *GATO CONO*

*Mes de publicación:* novembro
*Texto:* Sarah Howden
*Ilustracións:* Carmen Mok
*Tradución:* Laura Sáez
*Descrición:* 32 páx. 24 x 24 cm
*ISBN:* 978-84-127810-2-1

Jeremy esperta no veterinario cun cono xigante arredor da cabeza. Este cono provócalle unha crise existencial momentánea que o converte no torpe e cheirento GATO CONO. Todo é terrible ata que o cono se converte nun instrumento para lamber os últimos restos dos cereais na mesa do almorzo. Con ese cono na cabeza, a natureza de GATO CONO cambia e convértese nun novo gato que agora pode facer moitas cousas que o vello Jeremy non podía. Libro divertidísimo que fai pensar sobre a importancia de saber que, ás veces, situacións terribles poden ter o lado positivo e, aínda que non o pareza, calquera *gatástrofe* ten solución.

## *Nas patas de Fido*

*Mes de publicación:* outubro
*Texto:* Marina Aguirre
*Tradución:* José-Luis Morais
*Ilustracións:* Sara Casilda
*Descrición:* 32 páx. 24 x 22 cm
*ISBN:* 978-84-128552-3-4




*Nas patas de Fido* é un álbum ilustrado cun texto breve e poético que demostra os fortes lazos que se establecen entre os humanos e os cans, especialmente cando se trata dunha situación tan delicada como a que vive Laura, a súa protagonista.






## *Amelia Fang e as vacacións de media lúa*

*Mes de publicación:* febreiro
*Texto:* Laura Ellen Anderson
*Ilustracións:* Laura Ellen Anderson
*Tradución:* Eva Almazán García
*Descrición:* 244 páx. 13 x 19 cm
*ISBN:* 978-84-16884-76-6




Os escolares de Nocturnia non teñen clase: son as vacacións de media lúa! E Amelia vainas pasar de campamento na illa da Ameixeira de Azucre cos Aventureiros do Arco Iris. Mentres exploran a illa, Amelia e os seus compañeiros encollen ao tamaño dun bicho. Completarán os MINÚSCULOS amigos a LONGA viaxe para romper a maldición?

## *Amelia Fang e o ladrón de lembranzas*




*Mes de publicación:* febreiro
Texto: Laura Ellen Anderson
Ilustracións: Laura Ellen Anderson
Tradución: Eva Almazán García
Descrición: 228 páx. 13 x 19 cm
ISBN: 978-84-16884-75-9

Amelia Fang está moi ilusionada coa GRAN festa da súa noite de anos. Pero os seres de Nocturnia andan a facer cousas moi raras e parecen desmemoriados. Mesmo esquecen asistir á festa de Amelia! Será que alguén lles roubou as lembranzas? Logrará Amelia descubrir a causa e salvar os seus amigos e parentes para que non se esquezan dela?






## *Contos ás cinco*

*Mes de publicación:* setembro
*Texto:* Enid Blyton
*Ilustracións:* Eva Pena Fandiño (Eva Fandiño)
*Tradución:* Eva Almazán García
*Descrición:* 138 páx. 14 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-16884-88-9



O posible e o imposible entrelázanse nesta colección de contos de Enid Blyton. De aventuras de animais a historias da escola, pasando por feitizos de bruxas e angueiras domésticas, hai contos para todos os gustos!

## *Contos ás seis*

*Mes de publicación:* setembro
*Texto:* Enid Blyton
*Ilustracións:* Eva Pena Fandiño (Eva Fandiño)
*Tradución:* Eva Almazán García
*Descrición:* 134 páx. 14 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-16884-89-6




Gnomos que buscan agradar a todo o mundo, xoguetes que cobran vida, rapaces de bo corazón que levan a súa recompensa, elfos un pouco parvos e animais que serven de moita axuda… Enid Blyton reúne unha serie de contos cos que esmendrellarse e aprender.




# Sushi Books (Rinoceronte Editora S. L. U.)




## *Gnomos*

*Mes de publicación:* setembro
*Texto:* Wil Huygen/Rien Poortvliet
*Ilustracións:* Rien Poortvliet
*Tradución:* Roque Barcia
*Descrición:* 212 páx. 21,5 x 30,5 cm
*ISBN:* 978-84-16884-81-0




Este libro trata da vida dos gnomos. Como viven os gnomos? Como subsisten? Como constrúen as súas casas?

## *Homero, Ilíada*

*Mes de publicación:* xuño
*Texto:* Alessandro Baricco
*Ilustracións:* Sarai Lorenzo Broullón
*Tradución:* Moisés Barcia
*Descrición:* 178 páx. 14 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-16884-86-5




A Ilíada, un dos piares da literatura universal, recolle os derradeiros acontecementos da guerra de Troia. Nesta versión, o escritor italiano Alessandro Baricco reelabora o texto para facelo máis áxil e próximo ao público de hoxe, que poderá acceder nunha clave actual aos dilemas sobre os que escribiu Homero hai case tres mil anos e que seguen vixentes: o amor e o odio, a vinganza e o perdón, a relación entre o humano e o divino…






**Pándaro, Eneas**

*[4, 5, 6] Pándaro rompe a tregua lanzando unha frecha que fere a Menelao, e recomeza a loita. Entre os aqueos destaca Diomedes, que case mata a Eneas. Nas tropas troianas, mandadas por Heitor, destaca Sarpedón, xefe dos licios, que mata entre outros o rei de Rodas, Tlepólemo. Ante o empuxe dos aqueos, Héleno insta o seu irmán Heitor a regresar a Troia para que as troianas realicen ofrendas no templo de Atenea.*

PÁNDARO

Chámome Pándaro. A miña cidade, Zelea. Cando partín para ir defender Troia, o meu pai, Licaón, díxome: «Colle carro e cabalos para guiar a nosa xente na batalla.» Tiñamos no noso espléndido palacio once carros, novos, fermosísimos, e para cada carro dous cabalos alimentados con cebada branca e espelta. Pero eu non os collín, non escoitei o meu pai e funme á guerra só con arco e frechas. Os carros eran demasiado fermosos para acabar nunha batalla. E sabía que os animais só sufrirían fame e fatiga. Así que non me vin con ánimos para levalos comigo. Partín con arco e frechas.

39




## *Lisístrata*

*Mes de publicación:* xuño
*Texto:* Aristófanes
*Ilustracións:* Norman Lindsay
*Tradución:* Iria Pedreira Sanjurjo
*Descrición:* 108 páx. 14 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-16884-87-2



Na Antiga Grecia, atenienses e espartanos levan anos enfrontados nunha cruenta guerra que non parece ter fin. Fartas de tanta violencia, inxustiza e soidade, as mulleres, lideradas pola afouta Lisístrata, deciden tomar as rendas da situación e inician unha folga sexual para conseguir a paz. Atrevida e irreverente comedia de Aristófanes que convida a facer o humor e non a guerra e leva máis de dous mil anos facendo rir o público.

## *O cabalo sen cabeza*

*Mes de publicación:* abril
*Texto:* Paul Berna
*Tradución:* Moisés Barcia
*Descrición:* 158 páx. 14 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-16884-83-4




Unha cuadrilla de nenos das aforas de París divírtese cun vello cabalo con rodas ao que lle falta a cabeza e co que se lanzan rúa abaixo a toda velocidade. Cando uns tipos sospeitosos lles ofrecen unha gran cantidade de diñeiro a cambio do seu vello xoguete, eles néganse a vendelo, e pouco despois o cabalo desaparece. Comezan entón unha investigación para recuperalo, e sacarán á luz un asunto moito máis importante do que imaxinaban.




## *O neno ultramillonario*

*Mes de publicación:* maio
*Texto:* David Walliams
*Ilustracións:* Tony Ross
*Tradución:* Eva Almazán
*Descrición:* 244 páx. 14 x 21 cm
*ISBN:* 978-84-16884-82-7



Como sería ter un millón no banco? Ou mil millóns? E un billón? Ou mesmo un trillón? Pois preséntovos a Joe Spud. Joe non necesitaba imaxinar como sería posuír diñeiro a carradas, diñeiro a dar co pé, montes e moreas de diñeiro. Porque só tiña doce anos, pero estaba o que se di total e absolutamente podre de cartos. Podía mercar calquera cousa que se lle antollase: un bólido de Fórmula 1, unha montaña rusa para el só… Todo, agás algo que o diñeiro nunca poderá comprar: un amigo.

# Sushi Books (Rinoceronte Editora S. L. U.)

## *Ó revés*


*Mes de publicación:* abril
*Texto:* Florence Hinckel
*Ilustracións:* Clothilde Delacroix
*Tradución:* Tais Rego Martínez
*Descrición:* 104 páx. 13,5 x 20,5 cm
*ISBN:* 978-84-16884-85-8




No mundo de Lea e Tom, as rúas e os colexios teñen nomes de mulleres famosas e os homes son os que se encargan das fillas e dos fillos. Nas escolas ensínase que o feminino prevalece sobre o masculino, «porque se considera máis nobre có masculino, debido á superioridade da femia sobre o macho». É así dende tempos inmemoriais e ninguén semella querer cuestionar esta norma establecida. Porén, Lea e Tom comezan a reflexionar sobre os estereotipos deste mundo onde reina a dominación feminina.



# Sushi Books (Rinoceronte Editora S. L. U.)




## *Que é a guerra*

*Mes de publicación:* novembro
*Texto:* Eduard Altarriba
*Ilustracións:* Eduard Altarriba
*Tradución:* Moisés Barcia
*Descrición:* 40 páx. 20 x 25 cm
*ISBN:* 978-84-16884-90-2




Este libro está pensado para responder de maneira sinxela todas as preguntas que se nos ocorran despois de ver noticias sobre a guerra. Comprender como funcionan as guerras, as súas causas e consecuencias é o primeiro paso para a paz.

# EDITORAS GALEGAS

con publicacións neste catálogo

## Aira Editorial

Praza da Torre Lombarda, 1 - baixo
32660 Allariz (Ourense)
contacto@airaeditorial.gal
www.airaeditorial.gal
(+34) 988 680 892
César Lorenzo Gil

## Catro Ventos Editora S. Coop. Galega

Ferrería, 25
36202 Vigo (Pontevedra)
comercial@catroventos.gal
catroventos.gal
(+34) 699 236 846
Patricia Buxán Outeiro

## Edicións Tambre Grupo Editorial Luis Vives

Xaudaró, 25
28034 Madrid
ichao@edelvives.es
www.tambre.es/gl
(+34) 913 344 883
Ignacio Chao

## Edicións Xerais de Galicia S. A.

Doutor Marañón, 12
36211 Vigo (Pontevedra)
xerais@xerais.gal
xerais.gal
(+34) 986 214 880
Francisco Alonso Villaverde

## Editorial Bululú

Real, 9 - baixo
15003 A Coruña
info@editorialbululu.com
www.editorialbululu.com
(+34) 881 887 939
Luisa Ortigosa

## Editorial Galaxia S. A.

Avenida de Madrid, 44 - baixo
36204 Vigo (Pontevedra)
galaxia@editorialgalaxia.gal
www.editorialgalaxia.gal
(+34) 986 432 100 / 621 203 440
Equipo Editorial Galaxia

## Hércules de Ediciones

Cordelería, 32-3º
15003 A Coruña
lrodriguez@herculesediciones.es
www.herculesediciones.com
(+34) 679 45 66 39
Laura Rodríguez Herrera

## Kalandraka Editora

Pastor Díaz, 1-4º B
36001 Pontevedra
editora@kalandraka.com
www.kalandraka.com
(+34) 986 860 276
Silvia Pérez

## Patasdepeixe Editora S. L.

Castelao, 113 -1º
36980 O Grove (Pontevedra)
patasdepeixe@gmail.com
www.patasdepeixe.eu
(+34) 679 777 111
Laura Sáez Fernández

## Pepa A Loba Editora

Avda. Andurique, Pazo de Besada, portal 3, 2º A
36163 Poio (Pontevedra)
hola@pepaalobaeditora.com
www.pepaalobaeditora.com
(+34) 657 557 673
Fátima Martínez/Pablo Rozas

## Sushi Books (Rinoceronte Editora S. L. U.)

Avenida de Lugo, 15
36940 Cangas do Morrazo (Pontevedra)
info@rinoceronte.gal
www.sushibooks.es
(+34) 986 168 028
Anxa Correa

XUNTA
DE GALICIA

asociación
galega
do libro
infantil e xuvenil

